

## DÍAZ CASTRO: A PAISAXE NA POESÍA GALEGA

Xesús Manuel Valcarcel  
Escritor

**Resumo:** A paisaxe é unha temática que lle gusta a todo o mundo, non deixa indiferente a ninguén. Todo o relativo a ela adquiriu –duns anos a esta parte– un interese crecente no conxunto da sociedade. En gran medida esta atención, ou sensibilización, forma parte dunha filosofía ambientalista que, cada día máis, mostra interese pola natureza e o medio ambiente. Neste traballo analízase a importancia da paisaxe na poesía galega.

**Abstract:** Landscape is a subject which everybody likes. It leaves no one indifferent. In recent years everything related to landscape has acquired a growing interest in the whole of society. This attention or awareness is largely part of an environmentalist philosophy that, every day more, shows interest in nature and the environment. This paper discusses the importance of landscape in Galician poetry.

**Palabras chave:** paisaxe, poesía (rural, mariñeira, urbana), arte, ecoloxía.

**Key words:** landscape, poetry (rural, marine, urban), art, ecology.

A paisaxe é un tema que lle gusta a todo o mundo, non deixa indiferente a ninguén. É como os ovos fritos con patacas, que nunca se coñeceu ninguén que non lle gusten, pois igual pasa coa paisaxe. Todo o relativo a ela adquiriu –duns anos a esta parte– un interese crecente no conxunto da sociedade. En gran medida esta atención ou, mellor dito, sensibilización, forma parte dunha filosofía ambientalista que, cada día máis, mostra interese pola natureza e o medio ambiente; polos valores naturais e estéticos.

## 1.- A PAISAXE, IMPORTANCIA E CONCEPTO

A paisaxe é unha temática que non deixa indiferente a ninguén porque, como acontece coa economía, a política ou a espiritualidade, aféctanos a todos: todos estamos concernidos pola paisaxe, especialmente pola paisaxe da infancia.

Que é unha paisaxe? Eu son profesor e, habitualmente, fago cos meus alumnos e alumnas unha excursión para que aprendan a describir os elementos da paisaxe galega. Tamén o fago na aula. Cada un de nós leva, como un tesouro agachado no fondo da alma, algunha paisaxe especialmente querida. Eu percibín isto cando estiven nos locais galegos da emigración; díxome unha muller da Fonsagrada, en Bos Aires: “Eu vou aló todas as noites”. Aquela persoa, interna nunha institución que se chama Hogar Gallego para Ancianos, gozábbase comigo cando lle falaba dos castros, dos cavorcos, das gabias, corgas e soutos que deixara nos eidos nativos e que nunca volvera ver.

A paisaxe é o resultado das experiencias sensoriais humanas, é unha parte moi importante da alma e, de feito, non atoparedes ninguén, nunca en ningunha cultura, que non sinta a paisaxe como algo propio. Unha profesora da Universidade de Santiago comentábame a teor do monte compañeiro do Pico Sacro (un monte cónico celta, unha elevación sacralizada nas inmediacións de Compostela) que a ela o que máis a amolaba era que destruísen “a súa paisaxe da infancia”. O meu amigo Ramiro Fonte, xa finado, dicíame que periodicamente sentía a urxencia de ir ver o mar.

A paisaxe é unha creación emocional, literaria e plástica. É a memoria do territorio, é dicir Historia, porque pode entenderse como unha ordenación simbólica e visual; expresa as claves biográficas dos individuos e as sociedades. É en si mesma un sistema de signos que cada un de nós é capaz de interpretar.

### *Concepcións da paisaxe:*

- Concepción empirista: a paisaxe é unha realidade biolóxica, laboral, arquitectónica etc.
- Concepción cultural: a paisaxe é o resultado de procesos sociais, tanto de carácter material (estrutura) como imaxinario (superestrutura).

### *Tipoloxías da paisaxe:*

- Paisaxe natural.
- Paisaxe artificial (rural, urbana). Dentro delas podemos atopar paisaxes protexidas pola súa beleza ou historia (as Médulas, por exemplo), paisaxes industriais, mariñeiras, etc.

## 2.- AS TENDENCIAS HISTÓRICAS DE INTERPRETACIÓN DA PAISAXE

A paisaxe pode ser conceptualizada de diferentes formas de acordo coa perspectiva de estudo á que se someta. Pódese considerar en xeral como a expresión perceptual do medio físico, o que implica que é detectada por todos os sentidos, é dicir, é unha percepción multisensorial. Forma parte das experiencias vitais humanas.

Como recurso para o ser humano forma parte do medio natural, é unha realidade empírica e material, pero á vez é tamén un feito social, cultural; por tanto, é susceptible de ser analizada desde múltiples paradigmas e ideoloxías:

### *A visión marxista:*

Considera que existe a necesidade de impoñerse á natureza nun primeiro momento pero, alcanzado un estadio superior (de comunismo universal), o ser humano estaría en “harmonía coa natureza”.

### *A visión liberal ou tecnocrático:*

Considera que lle corresponde ao ser humano o control do medio natural, como recurso utilizable.

### *A visión ecoloxista:*

Considera que a sociedade civil debe participar na preparación, e na execución, de programas e políticas relacionadas co medio ambiente e a paisaxe.

As distintas visións do territorio non son neutrais. A paisaxe é unha construción cultural, e ademais está ideoloxicamente cargada. Tampouco son inocentes os xuízos previos: por exemplo, certas peculiaridades de Galicia, como a maior ruralidade e o menor desenvolvemento industrial, levan ao fortalecemento do prexuízo de “territorio edénico idealizado”.

## 3.- A PAISAXE GALEGA: RURAL, MARIÑEIRA E URBANA

A cultura consiste na adaptación das persoas a un tempo e a un espazo. A cidade é, desde a *polis* grega, unha aglomeración de persoas que se concentran nun ámbito de convivencia. Non hai grandes cidades en Galicia, pero si cidades e núcleos urbanos que configuran unha urbanización difusa.

En Galicia, a paisaxe presenta tres zonas ben diferenciadas: o interior, a costa e a montaña. O interior está formado por mesetas e vales. A zona de montaña, por serras. As serras pertencen ao chamado Macizo Galaico. As montañas máis altas son Pena Trevinca (2.124 m) e Cabeza de Manzaneda (1.778 m). Tamén son importantes as serras dos Ancares e do Courel. En Galicia hai numerosos vales polos que discorren preto dun milleiro de ríos. Os máis importantes son os vales do Miño e do Sil. Galicia ten unha costa moi extensa e variada. Ao longo dela, desde Ribadeo ata A Guarda, hai unha gran variedade de formas: rías, acantilados, areais, illas, cabos, etc. A costa galega divídese en catro zonas ben diferenciadas: a Mariña de Lugo, as Rías Altas, a Costa da Morte e as Rías Baixas. A zona costeira é a máis poboada. Nela atópanse as principais cidades, e é a zona máis rica e industrializada. A zona central está pouco poboada. A agricultura e a gandería son as actividades máis importantes nela. A zona oriental está moi pouco poboada tamén, e a agricultura e a gandería son as principais actividades. O clima frío e a paisaxe montañosa fan difícil a vida nesa zona.

A paisaxe galega vén marcada tamén pola existencia de máis de 1500 quilómetros de costa, limitada ao norte polo mar Cantábrico e ao noroeste polo océano Atlántico. A Comunidade Autónoma representa o único territorio non portugués da fachada occidental ibérica, polo que se trata dun espazo nitidamente atlántico, malia formar parte dun Estado de marcada vocación mediterránea. Desde a costa da Guarda ata a comarca da Limia, o límite meridional galego segue a liña trazada polo curso baixo do Miño, que lle serve de fronteira natural con Portugal. Máis cara ao leste, a divisoria co país veciño segue unha liña administrativa que separa a provincia de Ourense das rexións portuguesas de Minho, Traz-os-Montes e Alto Douro. Cara ao leste, Galicia limita ao longo da canle do río Eo con Asturias e, descendendo cara á zona meridional, están primeiro as montañas do extremo occidental da Corda Cantábrica e, máis ao sur, están as montañas de Zamora e León. A costa presenta grandes contrastes, entre as formas suaves das Mariñas e os acantilados da Costa da Morte. O interior está atravesado por numerosos ríos (“o país dos mil ríos”, dixo Álvaro Cunqueiro).

En Galicia tamén hai, obviamente, presenza urbana. Aristóteles xa estima que o ser humano é un animal social, a historia da cidade comeza coa *polis*: segundo Engels, a resultas do instinto gregario. A cidade é moi importante en todas as culturas (*A cidade de Deus*, de Agustín de Hipona, ou as cidades no Islam). As cidades galegas son relativamente recentes. Os movementos migratorios cara ás vilas e cidades e o xurdimento de poboacións multiculturais supuxo unha ameaza para os imaxinarios rurais, as máis das veces fortemente idealizados nas manifestacións artísticas. Os cambios sufridos polo mundo rural no seu xeito de vida deron lugar a unha ampliación do imaxinario que incorporou escenarios híbridos nos que a

aldea se ve transformada por novas formas urbanas na arquitectura, os modos de produción e os hábitos cotiáns.

#### 4.- PAISAXE E ARTE, LITERATURA E POESÍA

Hai manifestacións coma a *land art* ou a *artscape* que pretenden sintetizar a idea de intervención na paisaxe por medio dunha aproximación creativa (permítaseme, con irregulares resultados... temos mostras en Allariz). Vou deixar de lado ese tipo de manifestacións, ocupareime da paisaxe na poesía galega.

Considero, no que atinxe á poesía (e á plástica) a paisaxe como unha construción cultural. A vinculación coa terra posúe unha gran carga simbólica. A terra é moi importante. Malia que a identificación en xeral da paisaxe galega é feminina desde os escritos de Rosalía, non foi en absoluto a única proposta de interpretación e construción dese imaxinario. Por exemplo, nos textos de Pondal atopamos unha paisaxe na que se destacan valores máis asociados tradicionalmente ao masculino.

Galicia é territorialmente moi variada, pero no estereotipo global, aínda que hai unha presenza constante do mar, a que se impuxo foi máis ben a paisaxe do interior: o verde, o monte e máis concretamente o bosque ligado ao campo e á ruralidade. Pódese ver en moitos textos a defensa da conservación da nosa paisaxe tradicional: autores como Rosalía, Otero Pedrayo ou Fole (nas súas charlas na BBC) xa denunciaban a corta de carballos ou defendían as especies autóctonas. Na Xeración Galaxia houbo quen lle buscou implicacións metafísicas á nosa contorna: escritores como Rof Carballo dicían que “a saudade é propia dos pobos verdes, onde a xeoloxía está oculta pola vexetación e a man do home mantense contida, sen imporse á natureza máis espontánea” (tomado de Internet). Tamén se dixo que, espiritualmente, polo seu contacto directo coa natureza, os labregos estarían máis preto de Deus (Lamas apunta nesa dirección). É moi importante en Galicia a literatura popular: a paisaxe forma parte desa tradición porque as fontes, os montes, as encrucilladas foron sacralizadas polo cristianismo.

A interpretación da paisaxe é cultural. Se revisamos os sonetos de Góngora vemos que Galicia, e tamén a súa paisaxe e paisanaxe, son percibidas como algo pobre, feo, palurdo. Contra esa visión vanse erguer os autores do Romanticismo. A paisaxe é un concepto eminentemente romántico, que aparece nos poetas laquistas e na exaltación da natureza. Resulta incuestionable que en Galicia os síntomas que nos permiten falar do desenvolvemento da sensibilidade paisaxística (os xardíns, os poemas descritivos, as pinturas, o uso do termo “paisaxe”) só comezan a aparecer con forza a finais do século XVIII: os xardíns e os soutos dos pazos e dos priorados, os xardíns botánicos do XIX, etc.

Tamén, directamente, a concepción cultural da paisaxe está relacionada coa pintura (Turner, Constable, Poussin, Monet, Manet, Pissarro, Cezanne, Hopper... e, en Galicia, Ovidio Murguía, Villamil, Sotomayor, Fermín Brocos, Manuel Colmeiro, Maside, Alfonso Abelenda, Virxilio, Urbano Lugrís).

Unha perspectiva diacrónica da paisaxe na literatura galega e, concretamente, na poesía, mostra a evolución e as mudanzas desa presenza constante.

Na poesía galaico-portuguesa medieval atopamos unha paisaxe bucólica na que a flora se concretiza en prados, abeleiras, piñeiros, etc. A respecto da fauna aparecen aves e, nun único poeta (Pero Meogo), o cervo. Nesta paisaxe —o *locus amoenus*— a amiga expón todos os trazos e tipos psicolóxicos da namorada (a inxenua, a esquiva, a narcisista...). Un motivo común a todas as cantigas que coñecemos dos tres xograres mariñeiros é achegarse ao mar para comunicar con el. Martín Códax canta, por boca da doncela namorada, o adro dunha igrexa onde baila, no sagrado, corpo velido. E igualmente D. Denis, por boca da muller namorada, interroga as flores do verde pino, que lle contestan. Máis adiante comentarei esta función da natureza como interlocutora do emisor lírico.

No século XIX, no prólogo de *Cantares gallegos*, Rosalía declara ter como obxectivo prioritario describir “cos seus cores verdadeiros os cadros encantadores que por aquí se atopan”, as belezas de Galicia fronte á “seca Castela, á deserta Mancha” e a unha alteridade formada por todas “aquelas terras abrasadas de onde asta os paxariños foxen”. A paisaxe convértese, a partir dese momento, nunha hipóstase que é un arquetipo cultural. En xeral no Romanticismo, o descubrimento da paisaxe, desde o punto de vista estético, é unha das súas grandes achegas. A paisaxe aparece como un espazo mítico e antigo, poboado por almas devanceiras (“os celtas memorables”, di Pondal) ás que estamos unidos a través da paisaxe. En toda a obra de Pondal, a paisaxe aparece sempre como pano de fondo de todo o que acontece, caracterizada como agreste, baril, dura... coma os “feros corvos de Xallas, en agreste soedade”.

A partir do século XIX, van ser un conxunto de escritores e pintores dos dous últimos séculos quen se encarguen de reproducir un repertorio concreto de motivos paisaxísticos considerados moi galegos: os bosques escuros e os espesos soutos, o val de brétemas azuis, a costa salvaxe e rochosa, os piñeiros, os castiñeiros e os carballos, a montaña e o ermo; os prados e campos de labranza (centeo, millo, patacas), hórreos e pallozas, palleiros, corredoiras, cruceiros na beiramar, ermidas con romeiros e rosquilleiras, ruínas de vellos castelos, pazos, igrexas, portos con pescas, barcas e redes.

Nas primeiras décadas do século XX este repertorio, tomado das fontes literarias e pictóricas, non se limita a unha colección de “postais”: conforma o que podemos chamar o “estereotipo paisaxístico galego” que, a través da publicidade turística,

acabará por impoñerse como parte da “identidade social aceptada” da Comunidade: por exemplo, o álbum *Bellezas de Galicia*.

Nestas primeiras décadas do século XX, a obra de Noriega trasládanos unha natureza mesurada, amable e benigna, impregnada dunha forte presenza relixiosa. O ton é equilibrado e reflexivo, afastado dos excesos románticos e da ousadía das vangardas (“le son cosas muy peregrinas”, dicía). Reflicte a paisaxe da Galicia interior, montañosa, agreste, afastada da civilización. Fixa a súa atención nos pequenos elementos da natureza (unha gota de orballo, unha flor, unha raiola de sol efémera, unha pucharca na cima dun penedo, o fío dunha tea de araña...).

En Amado Carballo, tematicamente, a natureza é tamén a gran protagonista, mediante o uso de prosopopeas. O elemento humano apenas aparece e, cando o fai, fúndese coa paisaxe. Emprego ousado de imaxes. A presenza dos elementos plásticos e cromáticos é abundosa e evidente. Uso do verso octosílabo, como Lorca e, en xeral, como todos os poetas destas vangardas, vinculadas ao gilvicientismo. Ambientación rural, aparecendo con frecuencia elementos folclóricos, relixiosidade popular e bucolismo. Presenza do mar, pero visto desde a terra, a diferenza de Manuel Antonio, onde o mar é visto desde o propio mar, desde a experiencia mariñeira do autor.

Uxío Novoneyra incorpora unha sensibilidade orientalista, o que eu teño denominado “o haiku autóctono”. A poesía de Novoneyra é directa, asume unha directa simplicidade. Hai referencias constantes á flora e á fauna (aves da montaña, símbolo dos seres libres), o lobo, símbolo da persoa en contacto co misterio; os montes, símbolo dun universo poderoso no que as persoas procuran o destino.

É interesante observar que os autores da poesía “paisaxística” do século XX son case todos lugueses. Cada un presenta certas peculiaridades e case todos estudaron no Seminario e foron educados nos clásicos latinos Virxilio, Horacio, Ovidio, etc., coñecedores por tanto de *Bucólicas*, *Xeórxicas*, *Beatus Ille* e outros tópicos clásicos. Noriega é denominado o “poeta da montaña” en oposición a Leiras Pulpeiro, o “poeta da mariña”. Da súa obra destaca *Montañeses* (1904) e *Do ermo* (1920); Xosé Crecente Vega, gran latinista, é autor de *Codeseira* (1933); Aquilino Iglesia Alvariño, tamén gran latinista, autor de *Cómaros verdes* (1947), libro que quizais sinale as liñas tópicas desta poesía. É o primeiro libro importante despois da guerra; Xosé María Díaz Castro, *Nimbos* (1961); Manuel María, *Terra Cha* (1954) e Uxío Novoneyra, *Os Eidos* (1955) e, máis recentemente, entre outros moitos e moitas, Fiz Vergara Vilariño.

Na poesía de Xosé María Díaz Castro atopamos unha paisaxe inequivocamente chairega, interiorizada e abstracta, ateigada de franciscanismo e telurismo. Os poetas da Terra Chá en xeral pódense encadrar na corrente poética que os críticos chaman “paisaxismo humanista”, que incluíría tamén a Noriega. Para Méndez Ferrín

habará de ser Iglesia Alvariño, que representa a pasaxe entre a xeración de 1925 á de 1936, o que configura as liñas tópicas deste grupo de poetas.

A produción dos últimos anos tende a recrear escenarios citadinos como a obra de Manuel Celso Matalobos, Baldo Ramos, Mariña Pérez Rei, Fran Alonso, Elías Portela, Helena Salgueiro, etc.

## 5.- PRESENZA FUNCIONAL (ESTILÍSTICA) DA PAISAXE NA POESÍA GALEGA

É tan importante e constante a temática da paisaxe na poesía galega, de todos os tempos, que constitúe de seu un elemento con función estilística. Vexamos algunhas desas presenzas funcionais con valor estético. Ireinas comparando, nalgúns casos, con textos de autores foráneos:

— *Recordo da vivencia infantil.*

Mi infancia son recuerdos, etc. (A. Machado).

Eu nacín en agreste soedade  
eu nacín cabo dun agreste outeiro  
por onde o Anllóns con nobre maxestade  
camiña ao seu destino derradeiro.  
Eu non nacín en vila nin cidade,  
mais lonxe do seu ruído lisonxeiro;  
eu nacín cabo do pinal espeso,  
eu nacín na pequena Ponteceso. (Pondal).

— *Interlocutora do emisor lírico.*

Ai ondas, que eu vin veer,  
se me saberedes dizer  
porque tarda tanto meu amigo? (Martín Codax).

Ai, cervos do monte, vinvos preguntar:  
Fois'o meu amig'e, se alá tardar,  
que farei, velida?

Ai, cervos do monte, vínvolo dizer:  
Fois'o meu amig'e querría saber  
que farei, velida?" (Pero Meogo).



– *Idealización edénica, louvanza da aldea, franciscanismo.*

Herba pequerrechiña  
 que con medo sorrís  
 ó sol que vai facendo  
 e morrendo sen ti,  
 ¿por que de ser pequena  
 te me avergonzas ti?  
 ¡O Universo sería  
 máis pequeno sen ti!” (Díaz Castro).

Raiola de luar que bica o río,  
 flor mareliña que entre espiñas chora,  
 ou das redes da araña un tenue fío,  
 toda humilde beleza me namora. (Noriega).

¡Nin rosiñas brancas, nin claveles roxos!  
 Eu venero as floríñas dos toxos (Noriega).

Nunha chabola baixiña  
 tras daquela pena;  
 non hai grileira tan pequena,  
 pero, ¡que diablo! é miña (Noriega).

Vou velliño, son pastor,  
 non me separo da serra  
 e, se é verdá que hai máis terra  
 dudo que seña mellor. (Noriega).

Teño amores na montaña  
 teño moza montañesa  
 que ma deparou un santo  
 no turreiro dunha festa  
 [...]  
 Heime casar, ¡non que logo!,  
 ¡heime de casar na aldea,  
 miña nai, porque alí moran  
 as poucas almas sinxelas  
 que sacan o pan da boca  
 pra socorrer a pobreza.

Entre medias das silvas dun valado  
—floriña ventureira—  
vivía unha violeta  
—malpocada— tan pobre e cativeira  
que xa se ía quedando sen color..  
E pasaba chorando horas e horas,  
sufrindo as espiñadas feridoras  
das silvas que medraban arredor. (X. Crecente Vega).

—*Representación dos sentimentos do poeta e/ou símbolo alegórico da mensaxe poética.*

También la piedra, si hay estrellas, vuela.  
Sobre la noche biselada y fría  
creced, mellizos lirios de osadía; creced, pujad, torres de Compostela.  
Campo de estrellas vuestra frente anhela,  
silenciosas maestras de porfía.  
En mi pecho, ay, amor, mi fantasía  
torres más altas labra. El alma vela. (Gerardo Diego).

¡Fita aquel branco galán,  
olla seu transido corpo! É a lúa que baila  
na Quintana dos mortos (F. García Lorca).

Inverno na miña vila!  
Fino ceo de telaraña  
cinza de pérola.  
Un galo canta, as murallas durmen,  
redondas e brandas.  
Horas sin ferro.  
Reló de fariña: neve (L. Pimentel).

Galicia, longa praia, estesa e negra,  
soia i esquiua  
con pesados corvos,  
senlleiras píl-laras, vento coriscante  
e morte e valeiro en todo o longo (X. L. Méndez Ferrín).

Al olmo viejo, hendido por el rayo y en su mitad podrido,  
con las lluvias de abril y el sol de mayo  
algunas hojas verdes le han salido  
[...]  
antes que el río hasta la mar te empuje  
por valles y barrancas, olmo, quiero anotar en mi cartera  
la gracia de tu rama verdecida.  
Mi corazón espera  
también, hacia la luz y hacia la vida,  
otro milagro de la primavera (A. Machado).

– *Percepción do misterio.*

Máis alá do Cabalo e Cabo de Home,  
da Negra e deses baixos de Biduido,  
mariñeiro de Cangas, vas perdido  
e o mar é un gran misterio que te come (Bernardino Graña).

Cando a luniña aparece  
i o sol nos mares se esconde,  
todo é silencio nos campos,  
todo na ribeira dorme.

Quedan as veigas sin xente,  
sin ovelliñas os montes,  
a fonte sin rosas vivas,  
os árbores sin cantores.

Medroso o vento que pasa  
os pinos xigantes move,  
i á voz que levanta triste,  
outra máis triste responde.

Son as campanas que tocan,  
que tocan en sons de morte. (Rosalía).

– *Valoración dos elementos da paisaxe como seres animados dunha dimensión espiritual.*

(Abidueiras)

Pastoriñas dos montes

[...]

o verde das súas follas, ouro agora,  
vaise despindo ó vento dos mencers.

Encoiriñas na noite, tremelantes, son como lúas vivas xunta as fontes  
e ó longo dos regatos de auga nova. (Aquilino Iglesia Alvariño).

Sol de outono no mar calmo fungue o lume

alá, lonxe, chirra un carro no camiño;

canta a ágoa no rodicio do muíño

e arrecende dos fiunchos o cheirume

[...]

Zoa a mística campana. Nos lameiros

unha flauta: a dos sapos agoreiros;

Anda o trasno gargallando nos pinares. (Cabanillas).

Ouveando pola bouza

o vento murcho do outono

anda pola noite adiante

triste coma un can sen dono. (Amado Carballo).

O xesto monacal da pedra

benzoa o acougo da aldea...

Axeónllanse os camiños

abrazados ao cruceiro,

nunha azul eternidade

de pedra e ceo. (Amado Carballo).

Todas estas presenzas funcionais (estilísticas) e outras que se poderían considerar, conducen a afirmar a temática da paisaxe como unha percepción profundamente sentida por autores e autoras, e ten un carácter sentimental, como vivencia que, a partir da vinculación coa terra, se orienta nunha dirección panteísta de fusión identitaria. É un sentimento moi forte e poderoso.

## 6.- SENTIMENTO DE PERTENZA – TELÚRICO – PANTEÍSTA

Todas as funcións que acabamos de sinalar da paisaxe na poesía galega mostran unha presenza histórica, constante e deliberada, desde Pero Meogo ata Díaz Castro e máis alá. Inspira un sentimento “relixioso” de respecto, nun sentido de adoración e de temor fronte a todo o que nos parece poderoso e perigoso. Son moi importantes, ante a paisaxe, a contemplación e o respecto. Ambas son capacidades e, como tales, susceptibles de aprendizaxe. A paisaxe está aí para ensinarnos quen somos. Esa é a súa importancia pedagóxica. A nós correspóndenos saber captar as súas mensaxes, descifrar as súas claves, recordar as súas leccións. Temos que reaprender moito sobre a arte da observación contemplativa das belezaas naturais que, con todas as súas formas, nos rodean; temos que reencontrar esa mirada ampliada, purificada, renovada. É ao mesmo tempo simbólica, poética, e conserva un certo don de inocencia infantil. Esa mirada axuda a comprender que unha montaña, un río, un bosque, son algo máis que un conglomerado de minerais, unha masa de auga, uns troncos de árbores, e fálanos do mundo interior (“porque o que está fóra está dentro”), do devir cósmico. Esa arte da contemplación religa o macrocosmos do universo co microcosmos humano.

A paisaxe induce unha auténtica anagnórese espiritual, un sentimento de pertenza e integración no cosmos. Escribe Otero Pedrayo: “Sen iste sentimento da paisaxe nós non seríamos nós. Chega á música, á pintura, á poesía. Abrangue o ceo e tamén a terra. Ten meiguice. Anima os ríos, os boscos, as estrelas. Fainos soñar espertos. Amiel dixo que a paisaxe é un estado de alma, aseveración xa indiscutíbel. A percepción e o sentimento da paisaxe resultan ser, polo tanto, un fenómeno subxectivo. Mais, para subxectivizalo, cómpre que exista unha realidade exterior obxectiva que cada suxeito pode percibir –e percibe– conforme a súa sensibilidade. Por eso entendemos que hai tantas paisaxes como perceptores das mesmas” (discurso de ingreso como membro de número da Real Academia Galega de Manuel María, 2003).

## 7.- CONCLUSIÓNS

1.- As paisaxes en xeral son, ademais dun espazo natural, unha construción cultural humana (a percepción que temos da paisaxe non é algo que veña dado en si, senón produto dun proceso cultural, unha creación social, á que contribúen tamén a pintura e mesmo a literatura).

2.- A súa conceptualización difire de acordo coa disciplina que a estude: xeografía, historia, bioloxía, arqueoloxía, socioloxía, antropoloxía, etc.

- 3.- Paisaxe e poesía están, na literatura galega, intimamente unidas: a paisaxe é un recurso estilístico constante e fundamental.
- 4.- Detéctase unha crecente preocupación por achegarse á comprensión, estudo e goce das paisaxes: cómpre coñecer a paisaxe para entendermos o que somos e o que non somos e, sobre todo, o que non queremos e o que arelamos ser.
- 5.- Propoñemos unha valoración, comprensión e goce das paisaxes fundada no respecto.